

Así se celebraba antes de que todo pareza igual en calquera lugar do mundo. Eran eses os nosos costumes diarios, o noso tempo de Nadal vivíase dun xeito ben distinto... Un xeito propio de ver e sentir o mundo, unha maneira distinta de facer e transmitir a cultura milenaria.

Desde a aldea de Mosende e desde todas as vilas e cidades queremos acender o lume novo, facer un bo Cantar de reis no que o aguinaldo sexan os vosos desexos para o ano que comeza. Podedes escribilos nun papeliño e pedirlos tamén ao Apalpador ou aos Reis Magos de Oriente! Bo Nadal a todos!

NADAL EN MOS

Outro ano de cantares
ao neno que está no berce
para esquencer os pesares
deste ano que esmorece.

Ten os olliños de mel,
Manuel, Manueliño,
a cariña dunha rosa,
no bico un caraveliño.

Xa temos unha barquiña
da casca dunha cebola
para levarlla a Xosé
e mais á nosa señora.

Anivello con ben vaias,
aninovo con ben veñas,
como brinca o setestrello
no cortello das ovellas.

Cantaremos, bailaremos
e faremos unha festa,
cantaremos, brindaremos
ata o ano que comeza.

Con toxos, flores e xestas
e algunhas cantigas destas
alegraremos a festa
e tamén a nosa mesa.



NADAL DE VILA EN VILA con Uxía e Santi Cribeiro

Unha actividade da Rede
de Dinamización Lingüística

XUNTA DE GALICIA

A **Rede de Dinamización Lingüística** da Xunta de Galicia presenta esta actividade, que pretende **recuperar a tradición musical do Nadal galego**. O seguinte conto levará os asistentes a coñecer as súas diferentes expresións: panxoliñas, aninovos, manueles, xaneiras, reis etc. A Secretaría Xeral de Política Lingüística difunde este material de apoio, elaborado polos músicos **Uxía e Santi Cribeiro**, que imparten este obradoiro, con ilustracións de Leandro Lamas, no marco da quinta edición do programa de dinamización lingüística **Nadal en Rede**.

NADAL DE VILA EN VILA

Clara, a rapaza máis nova da parroquia de Mosende, almorzou moi cedo esa mañá de inverno para organizar os bandos con que cantar polas casas no Nadal. Botou a andar e foi un por un, unha por unha, recrutando xente que percorrería a aldea cantando estas pezas de literatura popular transmitidas oralmente ao longo dos séculos. Todos pelexaban por ir porque sabían que en troques ían ter o aguinaldo. Se cantaban ben dábanlles chourizos, touciño, doces, viño, lambetadas ou algúns cartiños. E iso ía durarlles varios días. Facían unha foliada que tiña sona nas parroquias da contorna: Sanguineda, Pereiras, Chenlo e mesmo O Porriño.

Cando Clara organizou o seu bando quedaron para ensaiar porque querían ser o mellor, o máis afinado e o máis animado. Reuniron cunchas, botellas de anís, pandeiretas e ata un acordeón e unha gaita como se facía antigamente. Os máis pequenos, Aldán, André, Paulo, Carlota, Ruí, Mauro, Kira, Xandre e Tiago tamén querían ir cos seus instrumentos: unha harmónica, un acordeón de xoguete, un piano e ata unha trompa que o Tiago fixo cunha botella de auga. Todo valía se había alegría: nenas e nenos, avós e avoas, pais e nais, e o máis traste e máis listo de todos, o neno Fran, alí estaba cunha ducia de cunchas que lle regalou o seu tío Moncho da Casa da Parrula de Noia e unha guitarra eléctrica que lle regalara a tía Mercedes polo seu aniversario.

PANXOLIÑA DE NEDA

Os tres reis magos
van para Belén,
quitaron os zocos
para correr ben.

Lupe de Caveira
fai o café.
Esperanza de Macario,
peneira de pé.

Escoiten, señores,
o aguinaldo novo,
que naceu o neno
metido nun ovo.

Escoiten, señores,
o aguinaldo vello,
que naceu o neno
metido nun cesto.

Déanos o aguinaldo
aunque sexa pouco,
un bo bacallau
e a metade doutro.

De postre, castañas
boas e ben grandes,
un molete enteiro
e un queixo de Flandes.

QUIQUIRIQUÍ

Cantámosche os reises
guedellos de cabra
cantámosche os reises,
non nos deches nada.

Somos os reises do quiquiriquí
imos ver que nos botan aquí.
Somos os reises do cacaracá,
imos ver que nos botan alá.

Somos os reises da cabra fanada.
Viñemos aquí,
non nos deron nada.

Aquí vimos catro,
cantaremos oito,
déanos de aguinaldo
fociño de cocho.

Ao aguinaldo vimos,
ao aguinaldo andamos,
se nos dan touciño
tamén o levamos.

E aínda tiveron folgos para adiantar os reis, e así o fixeron:

CANTO DE REIS DE MOSENDE

Moi boas noites dos reises
teñan vosas señorías,
teñan vosas e outras máis
moi alegres e festivas.

María pareu á noite,
cando a xente durmía.
Foi nun neno tan fermoso,
todo o mundo relocía.

Camiñando vai Xosé,
camiñando vai María,
camiñan para Belén
máis de noite que de día.

Tanta era a súa pobreza
que onde envolvelo non tiña.
Botou man á súa cabeza,
deulle o lenzo que traía.

Cando a Belén chegaron
toda a xente durmía,
aquela xente tirana,
aquela xente dicía.

Algúns eran de Holanda,
outros de Holanda fina,
outros bordados en seda
para a Virxe María.

Para Xosé non hai pousada,
menos hai para María.
Veu para alí un pregoeiro
preguntando por María.

Estreliña do oriente
tíranos de aquí axiña,
lévanos o aguinaldo
aí, á sombra de María.



Reuníronse para ensaiar na casa de Clara, que tiña unha lareira moi grande para quentar as mans e os pés. Discutiron un pouco sobre o que ían cantar, mais ao final optaron por cantar todo nunha mesma noite: as panxoliñas, os nadais, as xaneiras, cantares de aninovo, os reis ou aguinaldos. Estes últimos entoáronos divididos en dous grupos, e ían narrando a historia do nacemento do neno Xesús e a chegada dos Reis Magos coas súas reliquias. Estas composicións adoitaban presentar tres partes: a petición de licencia para o canto, a cantiga narrativa e, finalmente, a petición de aguinaldo.

Escolleron as máis bonitas que coñecían, e cando rematou o ensaio puxeron unha hora para atoparse na escola e de aí ir pola noitiña de casa en casa. Ían levar caixiñas para meter todo o que lles fosen dando. E saíron felices para facer o percorrido con cunchas, paus, piñas e todo o que tiñan á man. Era a desculpa perfecta para faceren unha noite de alegría, de xuntanza, de ilusión. Pero non podían entrar nas casas sen pedir permiso:

A estas portiñas estamos
dispostos para cantar(e).

Se os señores dan licencia
iremos escomezar(e)

DE VILA EN VILA

San Xosé e mais María
ían xuntos para Belén.
ían cantando os reis,
cantémolos nós tamén.

Foron dar con el a Roma,
revestido no altar.
Misa nova vai dicir,
misa nova vai cantar.

Foron de vila en vila
e de lugar en lugar,
en busca de Xesús Cristo,
non o puideron topar.

E aquela pombiña branca
que está posta no altar,
aquela é Nosa Señora,
que nos quería axudar.

San Xosé ía moi triste
porque ía polas montañas
e María moi alegre
co seu fillo nas entrañas.

E a señora ama da casa,
nunca lle a cabeza doía,
se nos dera un torresmiño
para untar na zanfona.

NO PENDELLO

No pendello
que hai xunto ao camiño
hoxe ás doce da noite naceu
un meniño pequeniño
que parece do ceo caeu.

Levareille logo este mantelo,
anque ás feiras boa falla lle fai,
e un roxelo de bo pelo,
para que faga
bos caldos súa nai.

Entre o bafo de dous animais,
pois o pobre cubertas non ten
nin *señales* de *pañales*
para tapalo do frío que vén.

Levareille tamen esta pita,
pois é o neno máis guapo
que eu vin,
e a cabrita mais bonita
que para el do cortello
escollín.



O PELO ROXIÑO

Despedida de ano vello,
entradiña de aninovo,
os señores desta casa
as conten con grande gozo.

Ano novo, vida nova,
ano novo que traerás,
o vello suspiros leva,
o novo xa os traerá.

Viva a terra dos gaiteros
que viñeron a tocar
ao neno *recén* nacido
entre as pallas do portal.

Ano de festas que naces,
o pasado xa pasou,
a primavera enverdece,
o xardín que se murchou.

Xesusiño está nas pallas,
súa nai está con el,
xunto a el tamén están
o boi, a mula e mais Xosé.

Acendede catro pallas
e imos para Belén
cantarlle ron ron ao neno
para facelo durmir ben.

E vamos ver
E vamos ver
o noso meniño
que naceu
cos ollos azuis
e o pelo roxiño.

Estas uviñas uviñas
i estas castañas con mel
son para o meu meniño meigo,
para o meu meniño Manuel.